



BARSOWIA #15

Agosto de 2010, 6 euros

VV.AA., rústica con lombo, 88 páxinas, interior en branco e negro, capas a cor.

Unha nova entrega da revista de historietas curtas en galego de Polaquia. Con 88 páxinas e 19 autores de Galicia, España e o estranxeiro, o número 15 de Barsowia destila calidade e bo cómic en cada unha das súas historietas. Dende o mundo post-apocalíptico de Diego Blanco en “O ladrón de zapatos” ás historias ultraterrenais de Manel Cráneo (nesta ocasión con Kike Benlloch), pasando polo delicado mundo da creación nas respectivas historias de Hugo Covelo e Dylan Horrocks, o culto ó corpo levado ó extremo por Brais Rodríguez, as aventuras fantásticas de “Enzo” por Luis Sendón e Iván Serrano, os pequenos misterios da arqueoloxía en “A Bicicleta” de Martín Romero ou os problemas creativos de R.E.M., un total de 14 historias agárdante trala preciosa portada que Fernando Iglesias “Kohell”, se marcou ó alimón con Kike Benlloch para este novo número de Barsowia, a máis lonxeva revista de cómic en galego.



POLAQUIA SKETCHBOOK #4: JOSÉ DOMINGO

Agosto de 2010, 4,50 euros


Libro de ilustracións.

Rústica con solapas, 48 páxinas. Grampado. Medidas 20x14 cm

Capas en bitono. Interior en branco e negro.

Este novo volume da colección Sketchbook de Polaquia presenta unha oportunidade única de afondar nas entrañas do proceso creativo dun dos autores galegos de cómic máis versátiles, completos e con talento da actualidade: José Domingo. Percorre as sendas do seu trazo, descobre a xestación dos seus proxectos secretos, adiantos de próximos libros e disfruta da imaxinería única do autor de “Cuimhne” como nunca antes o fixeras.

¡In-dis-pen-sa-ble!



PICTORIARIO por Urbanoscar

Agosto de 2010, 3 euros

Capas a color, interior en branco e negro

68 páxinas. Grampado. Medidas 20x14 cm

Textos en castelán e en galego

A vertente máis desenfadada de Polaquia crece con “Pictodiarío”, onde o “slice of life” cobra un novo sentido baixo a óptica de Urbanoscar; fresco, directo, sen complexos, sincero, ácido e divertido. Un manual de supervivencia ó tédio e a cotidianeidade, unha das mellores e máis refrescantes lecturas (¡e relecturas!) que ningún amante do bo cómic debería perderse salta do seu exitosos soporte web ó papel impreso.

Valo perder?